

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 1738** *Real decreto 71/2016, do 19 de febreiro, polo que se modifican o Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, e o Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.*

O Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, establece na súa disposición transitoria cuarta o prazo máximo e condicións en que poderá autorizarse, cando a situación epidemiolóxica da enfermidade valorada en cada rexión así o aconselle, a vacinación contra a brucelose bovina de femias, en determinadas áreas ou explotacións, coa vacina RB-51 respecto da infección con *Brucella abortus* ou coa vacina REV-1 respecto da infección con *Brucella melitensis*.

No uso desta posibilidade, a Xunta de Extremadura e a Xunta de Castilla y León estableceron programas obrigatorios vacinais coa mencionada vacina RB-51, de forma que, unha vez iniciada, debe preverse unha ampliación do prazo máximo previsto na citada disposición transitoria que permita determinar as necesarias revacunacións ou novas vacinacións en zonas de actuación onde a situación epidemiolóxica e o Programa nacional de erradicación da brucelose bovina así o aconsellen. Así mesmo, o Programa nacional de erradicación da brucelose bovina 2015/2016, aprobado mediante a Decisión n.º SANTE/VP/2015/ES/SI2.700776, do 30 de xaneiro de 2015, establece para as actuacións en casos de reaparición da enfermidade (declaración de zonas de especial incidencia) a posibilidade de vacinación coa citada vacina. Dado o carácter plurianual do referido programa de vacinación, as previsións de vacinación con RB51 esténdense ao ano 2018. Por isto, a norma básica débese modificar para ampliar até o 31 de decembro de 2018 a posibilidade de uso desa vacina, o que permitirá, de forma adicional, que, se outras comunidades autónomas deciden a súa aplicación, dispoñan do período suficiente para que sexa eficaz.

Por outra parte, na disposición adicional terceira do Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios, prevese que o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elevará ao Consello de ministros un proxecto de real decreto que estableza o réxime de infraccións e sancións en materia de incumprimentos do dito real decreto, en desenvolvemento dos réximes correspondentes previstos a que se refire o seu artigo 53. Non obstante, como consecuencia de que os estudos desenvolvidos polo grupo de traballo instaurado para tal efecto non están finalizados, de momento non vai ser viable o cumprimento dos prazos definidos no real decreto. Por tanto, considérase necesario modificar a súa redacción actual para incrementar o prazo de elaboración do dito regulamento sancionador en dous anos.

Do mesmo modo, na disposición transitoria primeira do Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, establécese que os carnés expedidos en virtude da Orde do 8 de marzo de 1994, pola que se establece a normativa reguladora da homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, terán validez até o 1 de xaneiro de 2016. No entanto, constatouse a necesidade de manter a validez dos carnés expedidos segundo a orde até a data de caducidade indicada neles, en virtude da mellora da eficiencia do sistema de emisión e renovación dos carnés.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na disposición derradeira segunda da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, e de conformidade co establecido no artigo 149.1, regras 13.^a, 16.^a e 23.^a, da Constitución española, que atribúe

ao Estado a competencia exclusiva en materia de, respectivamente, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, bases e coordinación xeral da sanidade, e lexislación básica sobre protección do ambiente.

Na tramitación desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de febreiro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.*

O número 1 da disposición transitoria cuarta do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, substitúese polo seguinte:

«1. Sen prexuízo do disposto no artigo 14.1, até o 31 de decembro de 2018 poderá autorizarse, como excepción no referente á brucelose bovina, cando a situación epidemiolóxica da enfermidade valorada en cada rexión así o aconselle, a vacinación de femias, en determinadas áreas ou explotacións, coa vacina RB-51 respecto da infección con *Brucella abortus*, ou coa vacina REV-1 respecto da infección con *Brucella melitensis*.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.*

O Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios, queda modificado como segue:

Un. A disposición adicional terceira substitúese pola seguinte:

«Disposición adicional terceira. *Regulamento sancionador.*

No prazo máximo de catro anos desde a entrada en vigor do presente real decreto, o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elevará ao Consello de Ministros un proxecto de real decreto que estableza o réxime de infraccións e sancións en materia de incumprimentos deste real decreto, en desenvolvemento dos réximes correspondentes previstos a que se refire o artigo 53.»

Dous. O número 1 da disposición transitoria primeira substitúese polo seguinte:

«1. Para os efectos previstos no artigo 17.1, os carnés expedidos en virtude da Orde do 8 de marzo de 1994, pola que se establece a normativa reguladora da homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, manterán a súa validez até a data de caducidade indicada neles, data a partir da cal os carnés deberán ser renovados de acordo co establecido no artigo 20.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor e aplicación.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2016.

Dado en Madrid o 19 de febreiro de 2016.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN